



## Teaching Guide

Identifying Data					2022/23
Subject (*)	Education and Languages in Galicia		Code	652601003	
Study programme	1 Mestrado Universitario de Profesorado de Educación Secundaria: Ciencias Experimentais				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Official Master's Degree	1st four-month period	First	Obligatory	1.5	
Language	Galician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Letras				
Coordinador	Vizcaíno Fernandez, Carlos Caetano	E-mail	carlos.vizcaino@udc.es		
Lecturers	Vizcaíno Fernandez, Carlos Caetano	E-mail	carlos.vizcaino@udc.es		
Web					
General description	Esta materia ten como obxectivo central a reflexión sobre a relevancia da diversidade lingüística e o papel que o sistema educativo xoga no seu mantemento, coñecer a realidade sociolingüística galega e analizar o papel dos centros de ensino como axentes de planificación lingüística. Por tanto, a través do seu estudo, esta materia pretende incorporar a cultura da planificación e da intervención como factores esenciais da educación.				

## Study programme competences

Code	Study programme competences
A13	(CE-G13)Comprender as implicacións educativas da situación lingüística galega e adquirir e aplicar criterios, estratexias e recursos pedagóxicos para participar na planificación e desenvolvemento do plano lingüístico do centro.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

## Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences		
Saber deseñar mecanismos de recoñecemento no grupo escolar de preconceptos que conduzan á discriminación (nomeadamente a lingüística) e actuacións para a súa erradicación.	AJ13		CC1
Avaliar criticamente e en grupo as debilidades e as fortalezas dun proxecto lingüístico de centro de ensino real.	AJ13		CC4
Participar con argumentos sólidos e as claves da redacción académica en discusións dirixidas sobre a situación sociolingüística galega, os modelos de educación plurilingüe e o papel dos centros de ensino na planificación lingüística.	AJ13		CC1
A través das lecturas recomendadas, comprender a situación sociolingüística galega e coñecer a lexislación vigorante referida ao ensino das linguas en Galicia, mantendo un espírito crítico e comprometido cos valores de xustiza e equidade, asumindo a necesidade de actualización profesional ao longo da vida.	AJ13		CC4

## Contents

Topic	Sub-topic
Modelos de educación bilingüe ou plurilingüe	A educación en contextos plurilingües Como apostamos polo plurilingüismo?
A situación sociolingüística da lingua galega	Coñecemento e uso da lingua galega Actitudes e preconceptos sobre as linguas. O caso galego Ameazas e fortalezas da lingua galega
As linguas no sistema educativo galego	A lexislación lingüística no sistema educativo A competencia lingüística A formación lingüística Referentes e compromisos



O papel dos centros educativos na planificación lingüística	A intervención sociolingüística no ensino. Obxectivos e niveis de actuación O proxecto lingüístico de centro Os equipos de normalización e dinamización lingüística
---	---

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Online forum	A13 A13 C1 C4	0.5	4	4.5
Workbook	A13 A13	1	13.5	14.5
Guest lecture / keynote speech	A13 A13	3.5	0	3.5
Long answer / essay questions	A13 C1 C4	0	4	4
Case study	A13 A13	5.5	4.5	10
Personalized attention		1	0	1

(\*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Online forum	Na plataforma Moodle abrírase un espazo virtual de discusión e de aprendizaxe colaborativa en que se construíra conxuntamente un glosario de termos especializados, se incorporarán ligazóns de interese relacionada cos contidos da materia e terán lugar discusións asíncronas dirixidas polo docente. Esta metodoloxía poderá ser adaptada en función das características concretas da turma.
Workbook	Elaboración de dous informes sobre as lecturas obrigatorias.
Guest lecture / keynote speech	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedimentais fundamentais para o alumnado alcanzar as competencias e destrezas previstas na materia.
Long answer / essay questions	Realízase unha proba escrita de ensaio en que o alumnado deberá pór en relación, de maneira argumentada e crítica, o texto proposto con aspectos teórico-prácticos vistos nas sesións presenciais.
Case study	Nas sesións interactivas realizaranse supostos prácticos (i) de actuación sobre os marcos de pensamento ocultos que condicionan a atribución de valores negativos a unha lingua, (ii) de planificación lingüística nos centros de ensino e (iii) de análise, revisión crítica e proposición de alternativas de mellora dun proxecto lingüístico de centro.

Personalized attention	
Methodologies	Description
Workbook Online forum	O docente fará un seguimento semanal do caderno dixital e dará pautas de comprensión das dúbidas que ficaren, así como ofrecerá outras lecturas alternativas. Por outra parte, todas as persoas discentes recibirán recomendacións sobre o seu seguimento das aulas e da materia no tempo en que esta se desenvolver.

Assessment			
Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Workbook	A13 A13	Elaboración de informes de lectura segundo as pautas fornecidas polo docente e achega de comentarios aos informes das/dos compañeiras/os.	10
Case study	A13 A13	Traballo crítico con supostos prácticos, individual ou grupalmente.	30
Online forum	A13 A13 C1 C4	Participación através do Moodle na construción do glosario, nas discusións dirixidas asíncronas e na achega de ligazóns de interese. No caso de que esta metodoloxía fose adaptada, a súa porcentaxe na avaliación será asumida polos estudos de caso e a proba de ensaio.	30
Long answer / essay questions	A13 C1 C4	Proba escrita en que haberá que relacionar de maneira crítica e con argumentos madurecidos un texto proposto con aspectos teórico-prácticos vistos nas sesións presenciais.	30



## Assessment comments

Enténdese que o alumnado universitario ten asumidas as capacidades lingüísticas en relación á expresión oral e escrita. Por tanto, é primordial e obrigatorio a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación), gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como condición imprescindible para superar a materia.

Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e que pendurará na plataforma Moodle.

O estudantado a tempo parcial e con dispensa

académica entregará as actividades obrigatorias nunha data

concertada previamente co profesor. Este alumnado deberá realizar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puiden asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

Para

superar a materia, será condición indispensable ter realizado os estudos de casos e obter unha cualificación mínima de 4 valores sobre 10 na proba obxectiva.

As persoas que se presentaren á segunda oportunidade (xullo) deberán entregar, antes da data marcada aos efectos de avaliación pola Facultade de Educación, os traballos que non tiveren superados, ben como realizar a proba de ensaio (caso non ter atinxido 4 valores sobre 10 na primeira oportunidade ou non a ter realizado).

Será considerado NON PRESENTADA aquela persoa que non realizar os estudos de casos e a proba de ensaio final.

Os traballos académicos presentados polo alumnado da materia poderán ser incorporados á base de datos dunha ferramenta de detección de plaxio e/ou presentación do mesmo exercicio en varias materias. Caso se producira algunha destas circunstancias, o traballo ficará anulado e poderanse activar as medidas recollidas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC.

## Sources of information

<b>Basic</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Villares Naveira, L. (2010). Estudos xurídicos do Decreto de plurilingüismo. Ames: Laidvento</li><li>- Núñez Singala, M. (2009). En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega. Vigo: Galaxia</li><li>- Fernández Paz, A. /Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. (2007). Guía práctica para a planificación lingüística nos centros educativos. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia</li><li>- Fernández Paz, A. /Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. (2007). A planificación lingüística nos centros educativos. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia</li><li>- Xunta de Galicia (2005). Plan xeral de normalización da lingua galega . Santiago de Compostela: Xunta de Galicia</li><li>- Skutnabb-Kangas, T. (2011). "Resultados de crecemento e a homoxeneización lingüística no ensino. Quen posúe os coñecementos máis válidos?", en Lingua e Ecoloxía. VIII Xornadas sobre Lingua e Usos. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da UDC</li><li>- Xunta de Galicia (2007). Planificación lingüística nos centros de ensino 2007. Compostela: Xunta de Galicia</li><li>- Subiela e Fente (2012). "Reflexións relativas á elaboración participativa dun marco de planificación lingüística dos centros de ensino", en A letra miúda nº 1. Compostela: GENDL</li><li>- Iglesias Álvarez (2012). "Actitudes e prexuízos lingüísticos en Galicia. A súa influencia nos usos", A letra miúda nº 1 (2012).. Compostela: GENDL</li><li>- Asorey Vidal (). "O ensino en territorios con conflito lingüístico", Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo, 897-904.</li></ul>
--------------	---



<b>Complementary</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Silva Valdivia, B. (2008). Lingua e escola en Galicia: balance e propostas de futuro . Vigo: Galaxia</li><li>- Moreno Cabrera, J. C. (2006). De Babel a Pentecostés. Manifesto plurilingüista. Barcelona: Horsoni</li><li>- Díaz García et ali (2009). Diversidade lingüística e cultural no ensino de linguas . Santa Comba: tresCtres</li><li>- Silva Valdivia, B. (2010). Avaliación da competencia do alumnado de 4º da ESO nos idiomas galego e castelán. Santiago: Universidade</li><li>- Freixeiro Mato, X. R. (2002 [1997]). Lingua galega: normalidade e conflito. Ames: Laiovento</li><li>- Monteagudo, H. /Bouzada, X. (2002). O proceso de normalización lingüística do idioma galego (1980-2000). Vol. II. Educación . Compostela: Consello da Cultura Galega</li><li>- Skutnabb-Kangas, T. (2000). Linguistic genocide in education or worldwide diversity and human rights?. New Jersey: Lawrence Erlbaum Associates</li><li>- Moure, T. (2010). Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética . A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña</li><li>- Calvet, L.J. (1995). A guerra das linguas e as políticas lingüísticas. Compostela: Laiovento</li><li>- García Plata, Ignasi (). &amp;quot;A planificación lingüística nos centros de ensino. A experiencia de Catalunya&amp;quot;, A letra miúda nº 2, Revista de sociolingüística da CGENDL . Compostela: GENDL</li><li>- Ponencia de lingua do Consello da Cultura Galega (1999). Dereitos lingüísticos. Compostela: Consello da Cultura Galega</li><li>- Sanmartin Rei, G. (2011). Unha outra guía para a intervención lingüística. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da UDC</li><li>- Subiela, X. (2009). &amp;quot;Democracia e política lingüística en Galiza&amp;quot;, en Monteagudo (coord.) Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade. Compostela: Consello da Cultura Galega</li><li>- García Negro, Mª do Pilar (1991). O galego e as leis. Aproximación sociolingüística. Pontevedra: Cumio</li></ul>
----------------------	--

## Recommendations

### Subjects that it is recommended to have taken before

### Subjects that are recommended to be taken simultaneously

### Subjects that continue the syllabus

### Other comments

Recoméndase o envío dos traballos telematicamente e, se non é posíbel, non empregar plásticos, escoller a impresión a dupla cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débase facer un uso sustentábel dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural, ben como ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

(\*The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.